


XABIER | DÍAZ



LEVANTARSE E CAFÉR

---

Arrolos e abrentes



Navegar sen rumbo fixo, facer unha singradura na que só nos deixemos levar, pode ser, ás veces, a única táboa de salvación, a única supervivencia.

Afeitos a pisar terra firme, o devalo maréanos. Mais a vida, adoita ser un mar que se deixa tinxir de vermello no solpor, que se pinta de prata no reflexo dunhas meniñas inocentes, ainda sendo verde, azul e gris.

Non esquezamos navegar nun barquiño de papel, non permitamos aos soños desaparecer, que non esmorezan as faíscas de emoción. Deixemos que nos doia.

Habemos caer, convertérmonos en náufragos desorientados na procura desesperada da illa-refuxio. Será difícil de descubrir, pois mora en nós, no que atesouramos da infancia.

Aprendamos a pechar os ollos, a deixar pasar o tempo, ata que se gaste. Insistamos en levantarnos sempre despois de caer. Caer e levantarnos, levantarnos e caer.

Caer á infancia. Deixarnos caer.

María Canosa

### **Levantarse e caer**

Unha bici sen rodas pequenas,  
unha suma con tres decimais,  
unha escala no atril da trompeta,  
un débuxo detrás dos cristais.

Unha man que me sostén na auga,  
cen castelos no areal,  
dúas naves debaixo das mantas,  
unha viaxe sideral.

E caer, levantarse e caer,  
apertar os dentes ao correr  
e chegar, non importa o lugar,  
e gañar aprendendo a perder.

Os devotos da Pantera Rosa,  
do patín e dos Cropáns,  
do quiosco detrás dos tebeos,  
do momento Burmar-Flash.

O Scalextric do segundo esquerda,  
un Mecano por montar,  
unha camisola azul e branca,  
a pachanga diante do portal.

**Luchín**  
(a Fuco Silvar)

Frágil, como un volantín,  
en los techos de barrancas  
jugaba el niño Luchín  
con sus manitos moradas.

*Con la pelota de trapo,  
con el gato y con el perro  
el caballo lo miraba.*

En el agua de sus ojos  
se bañaba el verde claro,  
gateaba a su corta edad  
con el potito embarrado.

*Con la pelota de trapo,  
con el gato y con el perro  
el caballo lo miraba.*

El caballo era otro juego  
en aquel pequeño espacio  
y al animal parecía  
le gustaba ese trabajo.

*Con la pelota de trapo,  
con el gato y con el perro  
y con Luchito mojado.*

Si hay niños como Luchín  
que comen tierra y gusanos,  
abramos todas las jaulas  
para que vuelen como pájaros.

*Con la pelota de trapo,  
con el gato y con el perro  
y también con el caballo.*

### **María e a Curuxa**

No piñeiro da cas da María  
hai unha curuxa, dorme polo día,  
vai de festa, cando morre o sol  
érguese do leito feito de herba mol.

Vai ás presas porque quer bailar.  
A medio camiño, ponse a aturuxar.  
Un parrulo sopra na pallete,  
a señora garza vai na pandeireta.

*Xa dorme a cabuxa  
e tamén o esquío,  
érguese a curuxa  
e pon o seu vestido.*

*Un vestido branco  
feito de algodón  
e unha chaquetilla  
que ata nun cordón.*

Un esquío canta unha muiñeira,  
baila unha cabuxa, un pardal  
peteira.  
Calade todos, o sol xa marchou,  
María adormece, a festa rematou.

### **Infancia querida**

Curiosidade e amor,  
vida en primeira instancia,  
quérote sempre comigo,  
infancia, querida infancia.

Dubidar da autoridade  
construída na arrogancia,  
obxectar non debilita,  
infancia, querida infancia.

Ao banco dos castigados,  
culpables de discrepancia,  
presentei candidatura,  
infancia, querida infancia.

Lembro un papel  
secundario  
nas laranxas más laranxas  
tatuadas na memoria,  
infancia, querida infancia.

Nunca me deixes caer  
do lado da intolerancia,  
a diferencia é virtude,  
infancia, querida infancia.

Se viras que da xustiza  
abandono a militancia,  
preséntate e dáme un berro,  
infancia, querida infancia.

Sobre todo, matria eterna,  
non aumentes a distancia,  
quédate sempre moi preto,  
infancia, querida infancia.

### O Melro azul (a Teo Peleteiro)

O melro azul non quer durmir,  
o moucho canta un arrroró,  
na fin do mar xa soña o sol  
un novo día para tí.

Paxaro azul, meu mandolim,  
canta unha polka en sol menor.  
Hai que durmir, melro cantor,  
a lúa chea xa está aquí.

Melro de luz ten un tambor  
e un asubío de cristal,  
hai un pardal no acordeón  
e un reiseñor moi bailador.

O melro azul adormeceu,  
a orquestra ten que descansar,  
quedou no atril unha canción,  
a sinfonía para soñar.

### **Festa do bosque**

Cen barquiños de papel,  
mariñeiros de cartón,  
descen á tarde solleira  
pola ribeira do Anllóns.

Unha dorna, unha gamela,  
a bandeira dun vapor,  
os ollos dunha pequena  
brillan virando a babor.

Unha chalana de noces,  
un carocho de cartón,  
dous miúdos que se miran  
tripulando a embarcación.

Que tarde pola ribeira  
con faíscas de emoción,  
con manteles entre as flores  
prendidas no corazón!

**Cançao de ninar  
(a Xela Mariño)**

Unidas por um cordão  
descobrimo-nos a um grito:  
o sinal de que fomos uma  
está-te no umbigo escrito.

Quem és tu, menina minha?  
O amanhã que me conte.  
Agora és sede da vida,  
do meu peito feito, fonte.

Faço dos braços maré que  
a noite já choraminga.  
Menina, nascida de água,  
não sabe dormir sem ginga.

Improviso as notas  
com que te vou ninar,  
com minha voz sem jeito  
dou por mim a cantar.

## Regalitos

Una flor recogida por la calle, bebé,  
un país con su bandera,  
un jardín a tu gusto y de tu talle, bebé,  
y una tarde con manguera.

Una historia contada con canciones,  
bebé,  
susurrando despacito,  
con princesas piratas y dragones,  
bebé,  
y pastillas de mosquitos.

Calesita una vez a la semana, bebé,  
el paraguas cuando llueva,  
golosinas después de la mañana, bebé,  
mi cariño cuando quieras.

Un sillón con tu forma y con la mía,  
bebé,  
al costado de la tele,  
un mordisco en el pie para que te rías,  
bebé,  
sana, sana si te duele.

Galletitas crocantes con aroma, bebé,  
repartidas en pedazos  
para dar de comer a las palomas, bebé,  
o volver sobre tus pasos.

Cerraduras, plegarias y desvelos,  
bebé,  
para tratar de protegerte.  
Pulseritas y hebillas para el pelo, bebé,  
de amuletos de la suerte.

Guardaré para siempre y por si acaso,  
bebé,  
lo más puro de mi vida.  
Un cantero de besos y de abrazos,  
bebé,  
para verte florecida, bebé.

### O meu neno (a Roi Pérez)

O meu neno ten soniño,  
ten sono, quere durmir,  
funlle botar unha cántiga,  
adormeceu a sorrir.

*Durme, meu neno, durme,  
neno do meu corazón,  
durme, meu neno, durme,  
rin, rin, rin, ron, ron, ron.*

O meu neno ten soniño,  
mais non dorme sen un conto,  
léolle de vagariño,  
logo chega Pedro o Chosco.

O meu neno ten soniño  
e precisa descansar,  
botou a tarde nas leiras  
con mil grilos a xogar.

O meu neno ten soniño,  
prendeulle o sono na escola,  
facendo caligrafía,  
xogando na mariola.

### Nana do sol (a Ángel Balseiro)

- Onde foi o sol, miña nai?  
- Dorme. Mil estrelas  
ten por cobertor, ben querer.

Arrorró miña nena  
arrorró, meu amor.

- E o vento onde foi, miña nai?  
- Foi durmir os peixes  
con un alalá, ben querer.

- E a lúa onde foi, miña nai?  
- Foi deitar os nenos  
que hái alén do mar, ben querer.

- Onde foi o avó, miña nai?  
- Dorme nos teus ollos.  
Vaino espertar, ben querer.

## Créditos

Xabier Díaz - Músicas e liricas

Agás;

Luchín (Victor Jara)

Regalitos (Juán Quintero)

Cançao de ninar (Sara Leite/lírica)

Josete Ordóñez - Producción

Xabier Díaz - Voz

Antía Muíño - Voz, coros

Josete Ordóñez - Guitarras, Mandolas, guitarrillo,  
steel Guitar y bicicleta.

Pedro Pascual - Acordeón diatónico e instrumentos  
de xoguete.

Germán Díaz - Zanfonas, Caixa de música programable.

Manu Masaedo - Udu, Pantalones, nudillos y platos. (3 e 9)

Aleix Tobiñas - Bombo Legüero, Tinajas, percusiones. (2 e 4)

Guillem Aguilar -Baixos (2,3 e 4)

Marco Herreros - Baixos (1,5,7 e 9)

Luca Germini e Josete Ordóñez (Zip Sound) - Mesturas

Antonio Baglio (Nautilus) - Mastering

Noemí Basanta - Corrección de textos

Vari Caramés - Fotografías ©varicaramés-vegap

Noemí Cubillo - Deseño gráfico







[www.xabierdiaz.com](http://www.xabierdiaz.com)